

INSTRUCCIÓN 1/2013, DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE APLICACIÓN DAS NORMAS DE PERMANENCIA A PARTIR DO CURSO 2013/14 E DO REGULAMENTO DE INTERCAMBIOS A EFECTOS DE MATRÍCULA

A aplicación no curso 2012-2013 da Normativa de Permanencia da Universidade de Santiago de Compostela (publicada no Diario Oficial de Galicia de 17 de xullo de 2012) motivou diferentes consultas nesta Secretaría Xeral, o que fixo necesario ditar unha instrución para clarificar determinados aspectos da mesma, facilitando tamén unha implantación flexible para o alumnado que xa iniciara os seus estudos sen ter en conta estas novas circunstancias.

Con data do 28 de novembro de 2012 publícase tamén no DOG o Regulamento de Intercambios, o que determinou que se ditaran novas Instrucións (6 e 11 do 2012) para clarificar determinados aspectos da súa aplicación.

É por isto que se considera necesario refundir as instrucións ditadas no curso 2012-13, relativas a aplicación da Normativa de Permanencia e do Regulamento de Intercambios, que manteñen a súa vixencia e, polo tanto, serán de aplicación a partir do próximo curso 2013-14.

Por todo o anterior, esta Secretaría Xeral dita a seguinte

INSTRUCCIÓN

Primeiro.- Réxime de permanencia

1. A Normativa de Permanencia é aplicable a todos os/as estudantes matriculados/as nos estudos de Grao e Máster independentemente da vía de acceso aos estudos, incluíndo aos procedentes dun proceso de adaptación. En consecuencia, afecta a todo o alumnado matriculado, tanto se inician como si continúan os seus estudos, estes últimos sen prexuízo do establecido nos apartados seguintes.

Non será de aplicación ao alumnado de titulacións en proceso de extinción, aos que se lle aplicará o réxime anterior, salvo no caso

de que se adapten aos novos plans de estudos.

2. Os estudantes que iniciaron estudos de grao a partir do curso 2012/13, incluído este, deberán superar unha materia no primeiro ano, ou 30 créditos no segundo.

Se o estudante non cumpre este requisito, non poderá formalizar matrícula na mesma titulación na USC ata transcorridos cinco anos, salvo que sexa admitido para continuar estudos na USC por reunir os requisitos de traslado procedente doutra universidade.

Segundo.- Réxime de Convocatorias

1. Os estudantes dispoñen dun máximo de catro convocatorias nos estudos de grado e dúas para máster, unha por curso académico, independentemente das oportunidades de avaliación. Aos estudantes que se adapten ao grao procedentes dunha titulación non adaptada ao EEES, computaráselle as convocatorias a partir do curso no que se adapten.
2. A mención “Non Presentado” dende o curso 2012-13 computa como convocatoria esgotada.

Non computará como convocatoria esgotada cando figure a mención de renuncia no seu expediente. A renuncia non incidirá sobre o requisito establecido no apartado anterior, de superar unha materia no primeiro ano ou 30 créditos no segundo.

Terceiro.- Matrícula

1. Obrigatoriedade de matricularse nas materias suspensas ou non superadas.

1º. Os estudantes deberán matricularse obrigatoriamente das materias suspensas ou non superadas de cursos precedentes, ata o máximo de ECTS permitido na convocatoria de matrícula. Se o estudante tivera 75 ou máis créditos suspensos ou non superados, non poderá formalizar matrícula en novas materias, tendo en conta que no máximo de 75 créditos non se computan os relativos ao traballo de fin de grao.

2º. O alumnado con matrícula a tempo parcial, no caso de superar os 30 créditos matriculados de primeiro curso, deberá matricularse de todos ou parte dos outros 30 ECTS restantes

tamén de primeiro curso, podendo ademais coller créditos de

segundo curso ata o límite permitido na convocatoria de matrícula. En todo caso deberá matricularse das materias suspensas ou non superadas nas que estivo matriculado anteriormente.

Igualmente deberá matricularse obrigatoriamente das materias de cursos inferiores aínda que nunca estivera matriculado previamente.

3º. A obriga de matricularse de materias suspensas non se aplicará ás materias optativas, xa que o alumno ten a opción de cambiar a optatividade dun curso para outro.

2. Impedimentos de matrícula

1º. Son impedimentos de matrícula os seguintes:

- a) Ter esgotadas as convocatorias nalgunha das materias non optativas. No caso de ter consumidas as 4 convocatorias en grao ou as 2 en máster, non se poderán continuar estudos na USC nesa titulación.
- b) Non superar unha materia no primeiro curso, ou 30 créditos nos dous primeiros anos académicos.

2º. Os impedimentos de matrícula abranguen a totalidade das materias, non só das que teñan esgotadas as convocatorias.

3. Matrícula no último curso

Os estudantes poderán matricularse en materias do último curso sempre que formalicen a matrícula na totalidade das materias pendentes de cursos anteriores ata un máximo de 75 créditos. Tamén poderán matricularse do TFG ou TFM, cando lle resten para concluír os estudos 75 créditos ou menos, sen contar os créditos dos citados traballos.

Cuarto.- Permanencia e Réxime de Intercambio

1. Aos efectos de formalizar os correspondentes Acordos Académicos e compromisos de estudos deberá terse en conta que ditos acordos respecten a Normativa de permanencia, e neste senso o alumnado deberá matricularse e realizar en réxime de intercambio as materias pendentes de cursos anteriores, coas seguintes salvedades:

1º. Programa de Intercambio ERASMUS

- a) O alumnado poderá cursar en réxime de intercambio tantas materias suspensas como cursos académicos nos que estivera matriculado. Deste xeito, un estudante matriculado de cuarto curso que ese ano formalice o intercambio podería incluír tres materias suspensas dos cursos previos.
- b) Do resto das materias suspensas non estará obrigado a matricularse, agás no caso de que o intercambio sexa dun semestre. Neste último suposto, deberá matricularse das materias suspensas do período no que non realiza o intercambio.
- c) No compromiso poderán incluírse materias nas que figura a mención “non presentado”, sen que lles afecte los límites establecidos para as materias suspensas.

2º. Programa de Intercambio SICUE (Séneca) e outros convenios.

De conformidade coa regulamentación do programa SICUE, o alumnado deste programa non poderá incluír no compromiso materias *suspensas*, pero si as que teñan a mención de *non presentado*.

3º.- Secuenciación por cursos

- a) Os compromisos de estudos deben tender a respectar a programación establecida no plano de estudos sempre que sexa posible e existan materias equivalentes.
- b) Non obstante o anterior e por criterios derivados do réxime de intercambio, si isto non fose posible, o alumnado que participe en programas de intercambio poderá non axustarse á secuenciación por cursos establecida no plano de estudos, de xeito que poderán formalizar matrícula das materias que sexan susceptibles de ser cursadas na universidade de acollida, co límite de 75 ECTS como máximo para os dous semestres. De ser o último ano tamén poderá matricularse por riba deste tope do TFG.
- c) Os Traballos de Fin de Grao e as prácticas poderán realizarse en réxime de intercambio ou na propia USC.
- d) Tendo en conta que esta matrícula podería non cumprir co criterio xeral establecido na normativa de permanencia, a

aprobación do compromiso de estudos implicaría a aplicación automática desta excepción. No suposto de que o intercambio non se leve a efecto estará obrigado a modificar a matrícula de acordo co establecido con carácter Xeral.

Quinto.- Materias extinguidas (previas ao R.D. 1393/2007)

1. O alumnado que teña algunha materia totalmente extinguida non poderá matricularse da mesma nin realizar ningún tipo de intercambio.
2. Non obstante o anterior, o alumnado poderá acollerse ao artigo 13 da Normativa de Avaliación, e no caso de ser autorizado poderá formalizar parte da súa matrícula polo Grao.
3. No suposto de obter a autorización a que se refire o apartado anterior, o estudante poderá realizar estas materias en réxime de intercambio. No caso de ser denegada, estas materias non poderán formar parte do compromiso de estudos nin ser recoñecidas.
4. Para a aplicación do establecido nos apartados anteriores e poder incluír as materias no compromiso de estudos, deberá cumprirse o seguinte:
 - a) Ser materias totalmente extintas.
 - b) Non ter superado o límite de 18 créditos ou tres materias establecido no art. 13 da Normativa de Avaliación.
 - c) Ter a correspondente autorización para matricularse no grao, obtida previa solicitude do estudante de aplicación do artigo 13 da Normativa de Avaliación, con informe do Centro sobre a equivalencia das materias.
 - d) Figurar no compromiso de estudos.
 - e) Ter formalizado matrícula nas materias autorizadas para realizar polos estudos de grao.
5. Unha vez obtida a autorización, concederase un prazo de dez días para formalizar a matrícula no grao.
6. No caso de denegarse a aplicación do art. 13 da Normativa de Avaliación, o alumnado poderá realizar a adaptación ao grao, ou manter a matrícula no resto das materias da titulación en extinción.

7. Realizado o intercambio e superadas as materias, o centro procederá ao recoñecemento das materias, correspondendo ás Unidades de Xestión Académica imputalas na titulación en extinción.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA:

O alumnado que formalizou matrícula en materias das ensinanzas de grao antes da entrada en vigor das normas de permanencia, poderá

solicitar unha convocatoria extraordinaria, no suposto de esgotar as catro a que ten dereito con carácter xeral. Igualmente, estes estudantes para poder continuar estudos deberán aprobar unha materia no primeiro ano, ou 30 créditos nos tres primeiros anos académicos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA:


Pola presente Instrución quedan sen efecto as disposicións que se opoñan ao establecido nela e, en concreto, as contidas na:

- A Instrución 6/2012, da secretaría xeral sobre aplicación do regulamento de intercambios a efectos de matrícula e actas.
- A Instrución nº 8/2012, do 01/08/2012, sobre aplicación das normas de permanencia no curso 2012/13.
- A Instrución nº 9/2012, do 26/10/2012, sobre renuncia de convocatorias.
- A Instrución 11/2012, sobre materias extintas e realización de intercambios
- A Instrución 17/2012, sobre procedemento de renuncia de convocatorias

DISPOSICIÓN FINAL:

Esta Instrución entrará en vigor ao día seguinte ao do seu rexistro de saída.

Santiago de Compostela, a 15 de maio de 2013.



A Secretaría Xeral,

Lourdes Noya Ferreiro